

O IEM organiza un histórico concerto de campás nas igrexas da vila de #Baiona.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 14 Agosto 2015 18:07



O vindeiro sábado, 15 de agosto de 2015, celebrarase na Vila de Baiona de Miñor un acto singular e histórico. Por primeira vez e nun só día as súas campás falarán para comunicar como o fixeron ao longo da Historia os acontecementos que ían ocorrendo na Real Vila.

Comezará ás 18:00h diante da Capela de Santa Liberata onde, despois duns pequenos apuntes históricos sobre ela, o campaneiro abrirá a xornada cos toques que neste santuario se realizaban. Continúa cunha ruta circular polo Casco Vello, até a capela baixo a advocación de San Xoán do Castelo, cuxo modesto interior poderase ollar, xa que permanece pechada todo o ano a excepción da Semana Santa e o día do seu patrón.

Fundado alá polo ano 1547 por unhas oito mulleres, entre as cales a primeira foi Mayor Fernández de Acuña, o Convento da Anunciación de Madres Dominicás será o seguinte destino. Neste punto, as relixiosas de clausura repicarán as súas afinadas campás (do século XVIII e XIX) interpretando ao longo (aproximadamente) dunha hora, os diferentes toques entre os cales destaca o toque de laudes, primeiro toque do día polo que se guiaban os mariñeiros para saír ao mar, ou o toque de misa acompañado dun Angelus.

A capela da Misericordia, sede da histórica Confraría da Santa Casa de Paz e Misericordia de Baiona, será a penúltima parada. Esta obra pía, fundada polo Capitán Rodrigo García en 1574, será a encargada de mostrarnos os seus toques de campá, entre os que destaca o de defunto, coñecido popularmente como A Agonía da Misericordia.

Remata tras subir pola Rúa do Hospital, baixo a gran torre campanario da antiga Colexiata de

O IEM organiza un histórico concerto de campás nas igrexas da vila de #Baiona.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 14 Agosto 2015 18:07

Santa María. O acto central que terá lugar nesta igrexa, parroquial da vila, ao remate da misa das 20:00, estará dirixido polo campaneiro Ángel Vilar Montero (Lito de Mauricio) que mostrará os diferentes toques coñecidos. Entre eles, podemos destacar xunto aos comúns (incendio, misa, procesión, defunto, cabodano...), o volteo das campás con toques catedralicios ou o toque familiar de La Raspita.

O acontecemento organizado polo Instituto de Estudos Miñoranos e a Asociación Pro Hermanamientos Cristóbal García Sarmiento, foi arroupado pola parroquia de Santa María, o Concello de Baiona, ACEBA (Asociación de Comerciantes e Empresarios de Baiona), o Convento de Madres Dominicás e a Confraría da Santa Casa de Paz e Misericordia.

```
(function(d, s, id) { var js, fjs = d.getElementsByTagName(s)[0]; if (d.getElementById(id))
return; js = d.createElement(s); js.id = id; js.src =
"//connect.facebook.net/gl_ES/sdk.js#xfbml=1&version=v2.3"; fjs.parentNode.insertBefore(js,
fjs);})(document, 'script', 'facebook-jssdk');
```

Sábado 15 de agosto: Ao Son das Campás da Vila de Baiona. No vídeo, toque de aniversario seguido de toque de misa onte á...

Posted by [Anxo Rodríguez Lemos](#) on [Venres, 14 de Agosto de 2015](#)